


ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

Tal e como se establece no artigo 14º do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, o Proxecto Lingüístico de centro será elaborado cada catro cursos escolares e anualmente, elaborárase unha addenda de dito proxecto na cal consten os seguintes puntos:

O Proxecto Lingüístico do noso centro está vixente dende o ano 2020 ata o 2024 e, a continuación, recóllese a addenda para o presente curso.

1. Resultados da pregunta realizada aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado que comeza a Educación Infantil acerca da lingua materna do seu fillo ou filla.

No seguinte gráfico aparecen reflectidos os datos recollidos nas enquisas realizadas ao comezo deste curso ás familias do alumnado que comeza 4.º de Educación Infantil. Das sete familias que cubriron a enquisa, catro indicaron que a lingua que falan habitualmente é o galego, dúas familias falan sempre castelán e unha alterna castelán e árabe en función da persoa ca que conversen.



Pódese observar que a lingua materna predominante é o galego. Polo tanto, será a lingua vehicular utilizada na aula tendo en conta as particularidades do alumnado e tratando de que todos os nenos e nenas adquiren as dúas linguas cooficiais dentro dos límites desta etapa educativa.

2. Información sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola Consellería na impartición de materias.

Na etapa de Educación Infantil, os nenos e nenas recibirán clases de Música impartidas pola especialista en Educación Musical e de Psicomotricidade, impartidas pola mestra de Educación Física, ambas empregarán a lingua galega. A materia de Relixión será impartida en castelán. As mestras titoras dos dous grupos de EI impartirán as súas clases en galego.

Na etapa de Educación Primaria tratamos de acadar o máximo equilibrio entre as dúas linguas e nos niveis nos que non é posible exactamente o 50% démoslle preferencia ao galego. O reparto de materias nas dúas linguas cooficiais é o que aparece nas seguintes táboas:

1.º EDUCACIÓN PRIMARIA			
EN CASTELÁN		EN GALEGO	
MATERIAS	Nº SESIÓNS	MATERIAS	Nº SESIÓNS
➤Lingua castelá e literatura.	4	➤Lingua galega e literatura.....	4
➤Matemáticas.....	5	➤Ciencias Sociais.....	2
➤Educación Física.....	2	➤Ciencias da Natureza.....	3
		➤Música.....	1
		➤Plástica.....	1
		➤Relixión/Proxecto Competencial	1
Nº TOTAL DE SESIÓNS	11	Nº TOTAL DE SESIÓNS	12

2.º EDUCACIÓN PRIMARIA			
EN CASTELÁN		EN GALEGO	
MATERIAS	Nº SESIÓNS	MATERIAS	Nº SESIÓNS
<ul style="list-style-type: none"> ➤Lingua castelá e literatura.. ➤Matemáticas..... ➤Educación Física..... 	4 5 2	<ul style="list-style-type: none"> ➤Lingua galega e literatura..... ➤Ciencias Sociais..... ➤Ciencias da Natureza..... ➤Música e Danza..... ➤Plástica..... ➤Relixión/Proxecto Competencial 	4 3 2 1 1 1
Nº TOTAL DE HORAS	11	Nº TOTAL DE HORAS	12

3.º EDUCACIÓN PRIMARIA			
EN CASTELÁN		EN GALEGO	
MATERIAS	Nº SESIÓNS	MATERIAS	Nº SESIÓNS
<ul style="list-style-type: none"> ➤Lingua castelá e literatura ➤Matemáticas..... ➤Educación Física..... 	4 4 2	<ul style="list-style-type: none"> ➤Lingua galega e literatura..... ➤Ciencias Sociais..... ➤Ciencias da Natureza..... ➤Música..... ➤Plástica..... ➤Relixión/Proxecto Competencial 	4 2 3 1 1 1
Nº TOTAL DE SESIÓNS	10	Nº TOTAL DE SESIÓNS	12

4.º EDUCACIÓN PRIMARIA			
EN CASTELÁN		EN GALEGO	
MATERIAS	Nº SESIÓNS	MATERIAS	Nº SESIÓNS
➤Lingua castelá e literatura	4	➤Lingua galega e literatura.....	4
➤Matemáticas.....	4	➤Ciencias Sociais.....	3
➤Educación Física.....	2	➤Ciencias da Natureza.....	2
		➤Música.....	1
		➤Plástica.....	1
		➤Relixión/Proxecto Competencial	1
Nº TOTAL DE SESIÓNS	10	Nº TOTAL DE SESIÓNS	12

5.º EDUCACIÓN PRIMARIA			
EN CASTELÁN		EN GALEGO	
MATERIAS	Nº SESIÓNS	MATERIAS	Nº SESIÓNS
➤Lingua castelá e literatura	4	➤Lingua galega e literatura.....	4
➤Matemáticas.....	4	➤Ciencias Sociais.....	2
➤Educación Física.....	2	➤Ciencias da Natureza.....	3
		➤Música.....	1
		➤Plástica.....	1
		➤Relixión/Proxecto Competencial	1
Nº TOTAL DE SESIÓNS	10	Nº TOTAL DE SESIÓNS	12

6.º EDUCACIÓN PRIMARIA			
EN CASTELÁN		EN GALEGO	
MATERIAS	Nº SESIÓNS	MATERIAS	Nº SESIÓNS
<ul style="list-style-type: none"> ➤Lingua castelá e literatura. ➤Matemáticas..... ➤Educación Física..... 	<p>4</p> <p>4</p> <p>2</p>	<ul style="list-style-type: none"> ➤Lingua galega e literatura..... ➤Ciencias Sociais..... ➤Ciencias da Natureza..... ➤Música..... ➤Plástica..... ➤Relixión/Proxecto Competencial Educación en Valores Cívicos e Éticos..... 	<p>4</p> <p>2</p> <p>2</p> <p>1</p> <p>1</p> <p>1</p> <p>1</p>
Nº TOTAL DE SESIÓNS	10	Nº TOTAL DE SESIÓNS	12

3. Información e valoración dos programas e actividades que se levaron a cabo no curso anterior para o fomento e a dinamización da lingua galega e información dos que se van levar a cabo no presente curso.

Igual que nos cursos anteriores, como medidas de apoio para favorecer o coñecemento e o uso da lingua galega por parte do alumnado, tentárase realizar un “baño cultural” en todo o centro para fomentar o uso do galego a través de ditos populares, adiviñas, cancións, elaboración de murais, celebracións....

Será moi importante introducir a lingua galega de forma lúdica e natural, xa que así os nenos e nenas están a aprender sen seren conscientes do proceso de ensino-aprendizaxe que se leva a cabo de maneira explícita dentro das aulas.

Durante o curso pasado leváronse a cabo distintas actividades para o fomento e a dinamización da lingua galega. Contamos con toda a comunidade educativa e partimos da idea de que para acadar o obxectivo da normalización resulta imprescindible a participación de todo o profesorado. O proxecto do Equipo de Dinamización da Lingua

Galega serviu de base para a realización de traballos en común, promovendo a coordinación entre o profesorado e a convivencia entre o alumnado dos distintos niveis.

Celebramos as conmemoracións tradicionais: Samaín, Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Semana do Libro, Letras Galegas, con distintas actividades e traballando en colaboración co Equipo de Biblioteca e co Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias.

En liñas xerais, cumpríronse os obxectivos propostos e a experiencia foi moi positiva. Hai que destacar que o grao de implicación e colaboración de todo o alumnado e profesorado foi extraordinario. Intentamos que a lingua galega estivese presente en todas as actividades que se realizaron no colexio.

Durante este curso, seguiremos traballando na mesma liña e continuaremos coas actividades que se veñen desenvolvendo nos últimos anos para mellorar a competencia lingüística en lingua galega, tanto a nivel oral como escrito. Seguiremos editando en galego a nosa revista escolar titulada “A voz do San Luís” en formato dixital. En coordinación e mutua colaboración co Equipo de Biblioteca participaremos nas actividades do PDI “Canto sentimento”, realizando numerosas actividades utilizando a lingua galega. A maioría do profesorado participaremos nun proxecto de formación permanente do profesorado relacionado coa inclusión educativa.

Pódense ver exemplos de actividades concretas no Proxecto de Dinamización da Lingua Galega.